

7

Obxectivos desta unidade

Preguntar e indicar direccións

Localizar obxectos, edificios, lugares...

A onde vas?

Coñecemento do código

A perífrase IR + INFINITIVO

Os puntos cardinais

Os tipos de vías públicas, distribución urbana e mobiliario urbano

Os adverbios de lugar e dirección

O pretérito de indicativo de IR. O presente de indicativo dos verbos

SABER e VIR

Os indefinidos ALGÚN/NINGÚN

As consoantes: h




★ **María a usuario** [Máis opcións](#) 12-se (2 días antes)

Ola Andrea,

Por fin nos decidimos a ir visitar a exposición da que che falamos. Xa sei que a cidade é moi grande e que toda a exposición leva moito tempo vela. Como ti sempre dís que non tes moito vagar, douche as indicacións para que poidas facer a mesma ruta ca nós e así podes ver en pouco tempo as vacas máis visitadas.

Nós saímos do aparcadoiro e fomos todo recto pola avenida de Ferrol. Xiramos no primeiro desvío á dereita, andamos uns metros e volvemos torcer á dereita. Ao final da avenida Castela, está a primeira vaca que vimos. Despois hai que desandar un pouco o camiño pola mesma avenida, ata chegar á rúa da Alameda, onde está o parque. Percorrémola toda ata a intersección coa avenida dos Irmandiños. De novo, viramos á dereita e a trescentos metros atopamos a segunda vaca. Nesa mesma avenida, se en lugar de chegar ao final te metes á esquerda pola avenida Forcarela e despois á esquerda outra vez pola rúa Pinchel, dás coa terceira vaca. Xa podes imaxinar o que levabamos andado, pero decidimos ver unha máis das vacas da exposición. Se te colocas de fronte da estatua da terceira vaca, só hai que coller á dereita e xa vas dar á estrada que vai a Gumianzo. Con dar un paseo máis por ela, xa chegas á derradeira vaca do percorrido e á outra punta da cidade!

 **Foto.JPG**
599K [Visualizar como HTML](#), [Descargar](#)

[Responder](#) [Reenviar](#) [Invitar a](#)







Pretérito de ir

Eu	fun
Ti	fuches
Ela/el	foi
Nós	fomos
Vós	fostes
Elas/eles	foron

CADRO ORDINAIS

Primeiro, primeira (1.º) / Segundo, segunda (2.º) / Terceiro, terceira (3.º) / Cuarto, cuarta (4.º) / Quinto, quinta (5.º) / Sexto, sexta (6.º) / Sétimo, sétima (7.º) / Oitavo, oitava (8.º) / Noveno, novena (9.º) / Décimo, décima (10.º)

2. Une cada indicación de dirección coa icona que lle corresponde.

Está á beira de	     
Xira á dereita	
Está lonxe de	
Vira na esquina	
Sigue todo recto	
Torce á esquerda	
Está preto de	

Para pedir información sobre un lugar ou enderezo podemos utilizar as seguintes formas:

- Desculpa/desculpe,
- Perdoa/perdoe,
- Sabes/sabe se hai un supermercado preto de aquí?
- Sabes/sabe onde queda a rúa Cerdeira?
- Onde está o concello?
- Queda lonxe (de aquí) a praza de Galicia?
- En que rúa está a ludoteca?


Fíxate: cando preguntamos se **hai** é que descoñecemos a existencia de, por exemplo, un supermercado. En cambio, cando preguntamos **onde está** é que sabemos que existe, pero non damos con el.

Presente de saber

Eu	sei
Ti	sabes
Ela/el	sabe
Nós	sabemos
Vós	sabedes
Elas/eles	saben



2. Deseguido ides escoitar un fragmento do programa de radio *Alá ti*. Aproveitando a exposición da *CowParade*, decidiron facer un concurso cos oíntes; trata de seguir ti no mapa o trazado da proba que o locutor lles propuxo aos participantes.



Presente de vir

Eu	veño
Ti	vés
Ela/el	vén
Nós	vimos
Vós	vindes/vides
Elas/eles	veñen



Fíxate: a segunda e terceira persoas de singular están acentuadas. Chámase acento diacrítico e ímolo ver máis adiante. Serve para diferenciar palabras que se escriben igual pero que teñen un significado diferente.




GRAMÁTICA E LÉXICO: PRÁCTICAS GUIADAS

3. Entre as seguintes imaxes hai algunha diferenza. Sinala cales e explícao a continuación, axudándote do cadro dos adverbios de lugar.

Fíxate!
 Hai **algún...**
 Non hai **ningún...**
 Cando a frase é afirmativa úsase **algún** e, cando é negativa, **ningún**.



No debuxo 1 hai un banco dentro da marquesiña e no debuxo 2 está a carón da marquesiña.



Diante/detrás



Enriba/debaixo



Dentro/fóra



Ao carón, ao lado, á beira



En fronte



FONÉTICA E ORTOGRAFÍA

4. En galego, o hache é unha letra que carece de son na lingua falada, pero que debemos ter tino de colocar para coidar a nosa ortografía. Trata de colocar “h” nos ocros deste texto que creas que deben levalo; agudiza a túa memoria fotográfica!

Non sei que me pasa, _oxe _erguinme con moita forza e _enerxía. Todo o contrario de _onte, que _andaba tristeira e _apática. Esta mañá _ei de ir onda a miña _irmá, _ai unha librería nova e _ela ten ve_ículo para desprazármonos. _ademais, así tamén podemos pasar polo _ipermercado e _a_!, tamén lle imos mercar o _agasallo ao papá, que está de _aniversario. Eu _estaba pensando nun vale para unha masaxe, que sempre se queixa de que ten o _ombreiro fatal. _uf! Con tanta cousa espero que me cheguen os _ánimos para todo o día!

B. Fíxate nas formas que aparecen marcadas en grosa no texto. Escribe ti catro cousas que pensas facer cando remate a clase.

Cando soe o timbre vou ir tomar un café con Inés.

Expresan futuridade:
Ir + infinitivo
Haber + (de) + infinitivo

Mañá vou curtir o pelo.
Cando teña tempo, hei (de) ir visitar os curmáns da aldea.



GALEGO EN ACCIÓN



5. A. Imos traballar por parellas. Velaquí tedes dous mapas en branco, onde só aparece o ruero. Cada un de vós escollerá un mapa e de seguido colocará nel os edificios que aparecen debaixo (sen deixarllo ver ao compañeiro!).




Igrexa, caixa de aforros, oficina de correos, biblioteca, estación de autobuses, colexio, museo



Cafetaría, centro de saúde, praza de abastos, casa do concello, aeroporto, parada de taxi, cine

B. Xa tes o rueiro listo? Agora vas ter que marcar un punto de partida e, dende este, indicarlle á túa compañeira ou compañeiro onde colocaches cada edificio, pero sen deixarlle ver o teu mapa. No mapa da túa folla que quedou baleiro fai ti o mesmo, coloca seguindo as indicacións da túa compañeira ou compañeiro os edificios que situou no seu debuxo.



B. Despois de ler o folleto descritivo da vila, estes foron os comentarios de Rodrigo e Lucía. Con que parte do texto asocias cada un dos comentarios valorativos?

“O lugar ideal para relaxarnos e curar un pouco o estrés do traballo.”

“Polo que describen, deben de ter moi coidado o seu patrimonio histórico.”

“Ten moita vida artística, non só se centran no turismo de praias.”

“Ademais, seguro que tamén habemos poder gozar dalgunha celebración tradicional.”

“Incluso podemos levar os nenos pasar uns días, xa que se preocupan de que ademais aprendamos un pouco.”

“Parece unha vila tranquila, non como as grandes cidades cheas sempre de xente e barullo.”

“Semella ideal para pasar os meses de verán e calor.”

“Ummm, seguro que comemos moi ben e moi san!”

6. O PARAÍSO EXISTE! O GROVE!

A. Le con atención o seguinte texto que fala do concello do Grove.

O Grove, península situada na entrada da ría de Arousa, limita ao sueste con Sanxenxo. Ocupa unha extensión de 21 km² e está formada por dúas parroquias, San Martiño e San Vicente, e por unha illa poboada, A Toxa. O número de habitantes é de 11.133. Grazas á súa xeografía, o concello conta con dez quilómetros de praias.

Ten, ademais, numerosos espazos protexidos: a Rede Natura 2000, o espazo natural en réxime de protección xeral do Complexo Intermareal Umia-O Grove, A Lanzada, Punta Carreirón e Lagoa da Bodeira. Na Aula de Natureza situada no cumo do monte da Siradella podemos atopar paneis informativos, fotografías, ósos de especies como baleas, golfinhos... ademais de maquetas que nos axudarán a comprender mellor o funcionamento, por exemplo, dunha batea.

Durante todo o ano, no municipio celébranse numerosas exposicións, como a exposición permanente de esculturas ao longo da vila ou as de artistas locais, actuacións de música e danza, representacións teatrais, o certame literario Manuel Lueiro Rey ou numerosas mostras de tradición e folclore que teñen lugar en cada estación.

A Necrópole do Adro Vello é un importante xacemento arqueolóxico onde temos unha vila romana, unha necrópole de inhumación (s. V-XVIII), a planta dunha igrexa visigótica (s. II) e elementos dunha fortificación da Baixa Idade Media (posterior ao s. XII) feita como protección ante posibles agresores que chegasen por mar.


No Grove tamén temos un dos principais portos pesqueiros e de marisqueo da comunidade autónoma.

Gran parte da oferta termal da xeografía española concéntrase no municipio, pois contamos co balneario máis coñecido dentro e fóra das nosas fronteiras: o Gran Hotel Hesperia A Toxa.

Diversas festas celébranse ao longo do ano neste municipio. Festas nas que a gastronomía está sempre moi presente e onde diversas manifestacións culturais acompañan as celebracións.

C. Como sería a túa cidade ideal? Escribe un pequeno texto describindo a que sería a túa cidade perfecta, coma se fose un folleto turístico no que gabases as súas calidades.

A large white rectangular area with horizontal lines for writing, intended for the student's response to the writing prompt. It features two circular punch holes on the left side.



CONTIDO SOCIOCULTURAL

7. GALICIA MÓVESE!

A actividade cultural en Galicia toca todos os campos artísticos. Proba disto son as axendas culturais dos medios de comunicación.

A. Le, por exemplo, as novas culturais dun día calquera recollidas no xornal electrónico www.xeracion.com.



xeraciónweb^{beta}

NOVAS

BLOGS/OPINIÓN

ESFERA LIBRE

ESPECIAIS

Galicia

Cultura

Cidadanía

Tecnoloxía

Deportes

Economía

Saúde

Sociedade

España

Internacional

Xoves 15.11.2007

CULTURA

Santiago

Loretta Martin, Dub Incorporation e Horace Andy, no concerto en homenaxe aos voluntarios do Prestige

14-11-2007 14:51 Loretta Martin, Dub Incorporation e Horace Andy tocarán gratis mañá no multiusos do Sar

Sector do libro

Factoría K lanza unha colección de narrativa para adultos no seu segundo aniversario

13-11-2007 17:58 A editora lanza 'Lecturas de altura' e 'Periferias', dúas liñas de narrativa para adultos

A catástrofe, en imaxes

Un libro de fotografías réndelle homenaxe aos voluntarios do 'Prestige'

13-11-2007 13:55 A compilación foi presentada esta mañá polo director xeral de Turismo e Xuventude, Rubén Cela

Diálogo co país veciño

Encontro entre as literaturas galega e lusa na V Mostra Portuguesa

13-11-2007 10:40 Os dous países queren entablar un diálogo para coñecer mellor as súas respectivas culturas

Unha publicación de Kiko da Silva

A revista Retranca, homenaxe ao humor negro galego, chega aos quioscos

12-11-2007 13:30 O feísmo e un póster do rei son os ingredientes do primeiro número desta revista escrita enteira en galego, que terá periodicidade mensual

Literatura

V Mostra Portuguesa, diálogo literario entre Galicia e Portugal

10-11-2007 14:14 Santiago acollerá o encontro baixo o título 'Portugal na literatura española. España e Galicia na literatura portuguesa'

Mostra no CGAC

A ollada da arte sobre a información manipulada

09-11-2007 19:58 O Centro Galego de Arte Contemporánea inaugura a mostra 'Información contra información', que pon baixo lupa a 'versión oficialista' das cousas

Banda deseñada do país

Bolsas de 6.000 euros para os novos talentos da BD galega

09-11-2007 16:26 A Consellería de Cultura convocará en 2008 tres bolsas para autores galegos de banda deseñada

Microfest

Fin de semana de hip hop e reggae co Microfest

09-11-2007 10:47 Dr. Ring Ring, SFDK, Reyes Brothers ou Ranking Soldiers estarán estes días no Multiusos do Sar

Patrimonio industrial

Fábricas de memoria

08-11-2007 14:00 A maioría das industrias creadas en Galicia no XIX, hoxe crían arañeiras, máis nalgún caso corren mellor sorte



B. Que sector parece ser o máis activo? O cine, a música, a literatura? Coméntao cos teus compañeiros e compañeiras.

C. Que nova das que puideches ler che interesa máis? Trata de informarte máis sobre ela e exponlla ao resto da clase.

8. QUE TAL SE CHE DÁ DEBUXAR?

A. Neste recadro tes que elaborar un debuxo no que haxa: unha nube, un banco, un sol, unha fonte, un animal, dúas persoas, unha papeleira e un xardín.



B. Agora, por parellas, cada un debe explicarlle ao compañeiro ou compañeira o lugar concreto do recadro onde colocou cada elemento (á dereita, á esquerda, arriba...), ademais de precisar a forma, o tamaño, etc. para que el ou ela o debuxe de novo exactamente como ti llo explicas. Gaña a parella que consiga os dous debuxos máis semellantes.

A fonte está no medio e medio. É redonda, de pedra, formada por tres círculos que van de maior a menor.

